


No ano 2006 411 empresas desenvolvían actividade no sector audiovisual galego, que facturaron máis de 221 millóns de euros e deron emprego a case 2.770 traballadores.

Grandes magnitudes do sector audiovisual galego no ano 2006


Subsector		Facturación	Resultado	Emprego	Nº empresas
Produción	Productoras	71.405.298,43	1.944.271,17	815	162
	Multimedia	10.425.389,91	803.6331	172	50
	Animación	7.534.065,75	-1.482.263,53	177	19
Servizos Auxiliares	Dobraxa e sonorización	5.312.030,82	804.668,51	117	16
	Outros servizos auxiliares	39.998.097,51	2.506.803,29	285	72
Distribución		14.556.615,95	582.497,54	54	7
Exhibición		13.045.055,04	-363.240,16	143	30
Televisión	TV autonómicas, por cabo e nacionais con desconexión	41.784.571,40	-75.786.296,41	657	6
	TV locais	7.645.214,58	-1.029.765,06	237	43
Total do sector		221.629.534,29	-71.563.416,57	2.769	411

- O 61,71% das empresas do sector teñen o seu domicilio fiscal na provincia de A Coruña, seguida polo 26,83% de Pontevedra.
- A facturación mostra un crecemento sobre as cifras do ano anterior dun 10,37%.
- O volume de negocio medio por empresa é de 912.056 Euros, fronte aos 806.440 do ano anterior.
- O incremento do número de empregados no intervalo 2005-2006 é dun 15,10%.
- O cadro medio por empresa é no 2006 de 14,50 traballadores, aínda que o 38,74% das empresas teñen menos de tres empregados.
- O 75,03% da facturación do sector audiovisual galego é xerada na provincia de A Coruña.
- As actividades de dobraxe e sonorización son as que ofrecen unha maior rendibilidade económica no exercicio 2006, cun 12,68%.
- O sector televisivo ofrece os resultados económicos máis negativos, como consecuencia fundamentalmente da cuantía das perdas da Televisión de Galicia.

Distribución das empresas segundo a actividade desenvolvida



Grandes magnitudes económicas do sector audiovisual galego



Evolución da facturación das empresas do audiovisual galego

